



## BANDO

### **DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA, FAI SABER**

A toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento **son 28 os casos positivos por Coronavirus.**

A evolución é positiva, pero temos que seguir **cumprindo todas as restricións vixentes.**

### **O próximo 6 de febreiro de 2021 reanudaranse as feiras municipais.**

Debemos cumprir en todo momento:

- Toque de queda: 22:00 horas.
- Reunións máximo 4 persoas.
- Non deberán reunirse non convivintes a partir das 18:00 horas nos domicilios.
- Peche da hostalería: 18:00 horas. Aforo 30% no interior e 50% na terraza.
- Centros recreativos turísticos ao 50%.
- Deporte non federado: máximo 4 persoas, 50% de aforo en interior.
- No comercio aforo de 50% e nos centros comerciais prohibido permanecer en zonas comúns. Peche ás 21:30 horas.
- Cines, teatros e auditorios: 250 persoas interior e 500 exterior.
- Actividades públicas ou privadas: Máximo 4 persoas.
- **Santa Comba non está pechada perimetralmente.**

A recomendación básica para todo o mundo é que se faga o esencial exclusivamente: atención médica, colexio, traballo (telemático se é posible), coidado de menores e maiores e comercio dos enseres indispensables.

Santa Comba, 16 de xaneiro de 2021

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García